

SERVIZO DE FESTAS

CONCELLERÍA
DE
PARTICIPACIÓN
CIDADÁ E FESTAS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 9713/ 335	TIPO EXPTE: CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO
	SOLICITANTE: Servizo de Festas

Asunto: CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DUN PATROCINIO PUBLICITARIO PARA CELEBRAR UN CONCERTO INTERNACIONAL NO ESTADIO DE BALAIIDOS EN XUÑO DE 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1.-OBXECTO

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario dun concerto internacional a celebrar no estadio de Balaídos na data proposta polo adxudicatario entre o 5 e o 27 de xuño de 2023. Este deberá formar parte dunha xira mundial que visite un mínimo de 10 países, na que se inclúa Vigo como unha das 3 cidades como máximo que visite o artista en España este ano, sendo una delas Vigo. As xiras internacionais, conforme se extrae do “Anuario de la música en vivo 2023” elaborado pola da Asociación de Promotores Musicales (APM) en canto a xiras internacionais realizadas no ano 2022, teñen unha duración de entre 1 e 2 anos, e inclúen países de Europa e América, nun número non inferior a 10, polo que este requisito non se considera restritivo da competencia.

O concerto deberá ser dun artista que reúna os seguintes requisitos:

- Capacidade para atraer a 30.000 espectadores.
- Ser gañador, como mínimo, dun premio internacional de prestixio no eido musical, tal como o Grammy ou o World Music Award ou similar.
- Contar cunha discografía de alo menos 5 discos de estudo, que no seu conxunto superen os 60 millóns de copias vendidas en todo o mundo.
- Ter realizado un mínimo de 5 xiras internacionais.
- Acumular gran número de seguidores en plataformas dixitais e redes tanto xenéricas como especializadas en música, sendo o número mínimo de subscritores nestas últimas, en conxunto, de 15 millóns.

O concerto deberá ter unha repercusión mediática relevante, para o que deberá cumprir as seguintes condicións:

- Valor publicitario mínimo das accións publicitarias, sen IVE: 1.563.591,84 €
- Rendibilidade mínima do patrocinio 500% conforme se aconsella no “Informe Estratégico sobre patrocinios publicitarios dentro da industria creativa” elaborado por Ecovigo Publicidade, S.L. de data 4 de abril de 2023, anexado no trámite 6.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 1 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

En aplicación do artigo 116 da Lei 9/2017, xustifícase que O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que faise necesaria a realización deste contrato.

3.- LOTES

Non.

A natureza do obxecto do contrato non admite a súa división en lotes. En aplicación do artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), non se considera viable a súa división en lotes, como consecuencia do obxecto do contrato ao tratarse do patrocinio publicitario dunha actuación concreta que só pode ser organizada pola empresa que conta coa exclusividade.

4.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

4.1.- Tipo de contrato e procedemento de adxudicación.

O contrato definido ten a consideración de **contrato privado de servizos**, de acordo co establecido nos artigos 17 e 25.1.a) da LCSP.

A forma de adxudicación será mediante procedemento **aberto**

4.2.-Forma de tramitación:

A forma de tramitación será **ordinaria**

4.3.- Códigos CPV :

CPV: 79342200-5 “Servizos de promoción” e 9839000-3 “Otros servizos”.

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN

1.- O prazo de execución será de 60 días.

2.- O cómputo do prazo de execución iniciarase 30 días antes da data de celebración do concerto e rematará 30 días despois da mesma.

3.- O prazo reducirase se o contrato se adxudicase con posterioridade a data de inicio prevista no apartado anterior.

4.- A data do concerto poderá ser cambiada coa conformidade do adxudicatario, se se deran causas que o xustifiquen, sen que poida ter repercusión económica ningunha nen considerarse modificación do contrato. Deixarase constancia no expediente das citadas causas.

6.- PRÓRROGAS

Non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 2 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

Para determinar o orzamento base de licitación, dada a especificidade da materia, solicitouse un informe á entidade Ecovigo Publicidade, S.L., adxudicataria do vixente contrato maior de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o concello de Vigo. Este informe foi emitido o 18 de Abril de 2023.

En cumprimento do estipulado no artigo 100 da LCSP, para determinar o importe do orzamento base de licitación realizouse unha estimación desagregada de custos tendo en conta o citado informe de “Plan de Medios para Patrocinio Concerto Internacional”, que se incorpora como Anexo I a esta memoria económica.

7.1.- Xustificación e desagregación do orzamento base de licitación.

O desglose do presuposto base de licitación, elaborado de conformidade co disposto nos artigos 100 e 309 da Lei 9/2017, e so seguinte:

Táboas de custos estimados:

MEDIO			Importe s/ive
Campaña de difusión a través de medios de comunicación			694.367,90
	Prensa	447.269,50	
	Radio	166.598,40	
	Televisión	80.500,00	
Campaña de difusión a través de medios xeneralistas e especializados en internet			548.652,00
	Display	396.330,00	
	Google (GDN)	19.773,00	
	RRSS	132.549,00	
Publicidade exterior			104.905,00
Total			1.347.924,90

Na mesma non se tiveron en conta os custos xerais nin o beneficio industrial.

7.2.- Beneficio industrial e custos xerais

Para a determinación da porcentaxe do 6% de beneficio industrial e do 10% de custos xerais tivéronse en conta os seguintes factores que poderían condicionar o número de licitadores que concorran finalmente ao concurso:

- A alta temporalidade dos traballos que realizan as empresas do sector de servizos de organización de eventos culturais e festivais, que se concentran principalmente nos meses de verán.
- A escaseza de empresas con experiencia para desenvolver os traballos con garantías técnicas e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 3 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de seguridade suficientes para acometer todos os traballos relacionados coa produción do evento patrocinado.

Coa aplicación das anteditas porcentaxes considérase que se obtén unha marxe suficiente para que as empresas poidan realizar as súas ofertas en concorrencia.

7.3.- Valor estimado do contrato

O valor estimado calculouse descontando o importe correspondente ao IVE do orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP.

O valor estimado do contrato estipúlase en **1.563.591,84 euros**

7.4.- Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación co IVE incluído ascende a **1.891.946,12 euros**, correspondendo **328.354,28 euros** a este imposto.

7.5.- Anualidades

O gasto impútase ao 2023 íntegramente

7.6.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluirá, como partida independente o IVE. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

8.-REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

9.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O gasto correspondente a este expediente é de **1.891.946,12 euros**, que podería imputarse a:

- A cantidade de **691.946,12 euros** á aplicación 3380.226.0904 (Patrocinio Concertos) do programa orzamentario de Festas
- A cantidade de **1.200.000,00 euros** á aplicación 9120 2279903 (MARCA VIGO), do programa órganos de goberno da Alcaldía, cuxa disposición de saldo foi autorizada pola Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio con data do 26/03/2023.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O contrato NON está previsto do Plan Anual de Contratación.

10.- SOLVENCIA

10.1. Solvencia económica e financeira

Acreditarase por calquera dos seguintes medios:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 4 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.
- Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

10.2. Solvencia técnica e profesional

Acreditarase mediante:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao prezo do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

11.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

En cumprimento do establecido no artigo 145.1 da Lei 9/2017, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade-prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

O artigo 145.4 da Lei 9/2017 establece que os criterios de adxudicación terán que permitir obter servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás necesidades do órgano de contratación.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, ademais do prezo, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

Neste caso optase por fixar tanto criterios avaliados mediante xuízo de valor como avaliados a través de fórmula. Dos primeiros fíxase un único criterio, o Plan de prestación e organización do Servizo, con dos subcriterios o primeiro relativo a Estratexia de comunicación e plan de medios, e o segundo o Plan de organización do concerto. Este criterio permite valorar o nivel de calidade nos medios empregados para a difusión da marca/imaxe de Vigo, o alcance das accións incluídas na planificación da estratexia de comunicación proposta e a calidade no desenvolvemento do evento a patrocinar. Resulta de gran importancia para esta Administración a estratexia a seguir para a divulgación da imaxe/marca Vigo. Da calidade da mesma dependerán en boa medida os resultados do retorno publicitario que se espera obter.

Por outra banda, non é alleo a esta Administración, a correcta organización do evento, posto que a súa realización está vinculada á imaxe/marca Vigo, e se desenvolverá nunha instalación municipal que deberá restituírse en perfecto estado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 5 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XÚÍZO DE VALOR: valorarase con ata **50 puntos****A. Plan de prestación e organización do servizo:** valorarase con ata **50 puntos**

O Plan de prestación e organización do Servizo permite valorar o nivel de calidade nos medios empregados para a difusión da marca/imaxe de Vigo, o alcance das accións incluídas na planificación da estratexia de comunicación proposta e a calidade no desenvolvemento do evento a patrocinar. Está directamente relacionado co obxecto do contrato e, dende o punto de vista técnico, proporciona unha mellor oferta en relación calidade-prezo para a administración.

Comprende dous subcriterios:

- a) Estratexia de comunicación e plan de medios
- b) Plan de organización do concerto

a.- Estratexia de comunicación e plan de medios: valorarase con ata **40 puntos**

O Plan de Medios describirá detalladamente a campaña publicitaria que o licitador pretende realizar para a difusión da imaxe/marca Vigo vinculada ao concerto internacional proxectado, co contido mínimo previsto na cláusula 8 do prego de prescricións técnicas.

Incluirá a seguinte documentación:

1. Análise e definición do grupo obxectivo ao que vai dirixido a campaña

Definirase o público obxectivo: xenérico de máis de 18 e específico proposto para os ámbitos xeográficos de Vigo, Galicia, Portugal (eixo Porto-Braga-Lisboa), Asturias, Cantabria, Castela-León e Madrid.

2. Estudo das audiencias para o público obxectivo e o público específico proposto nos ámbitos xeográficos anteriores.**3. Estratexia e mix de medios formulada**

Deberá indicarse:

- Os **medios** (prensa escrita, prensa dixital, radio, televisión, publicidade exterior, redes sociais e sitios web, xenéricos e especializados).
- Os **soportes** concretos en papel, dixital e outros soportes.
- **Outras accións de comunicación:**
 - Unha rolda de prensa para a presentación do concerto, con inclusión da imaxe/marca Vigo.
 - Unha visita institucional durante a montaxe, con promoción da imaxe/marca Vigo.
 - Presenza da imaxe/marca Vigo en Balaídos o día do concerto, nos espazos visibles do recinto.
- **Planificación táctica**, incluíndo detalle das insercións, calendarización e formatos.

4. Retorno publicitario previsto

Deberá incluírse unha avaliación previa de resultados da estratexia de comunicación e do plan de medios propostos (cobertura, frecuencia media, impactos, GRP's o CPM)

Non poderán incluírse importes ou datos que se valoren no sobre C. Do contrario, excluírse ao licitador.

b.- Plan de organización do concerto: valorarase con ata **10 puntos**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 6 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incluirá a seguinte documentación:

1. Artista proposto para o concerto. Deberá acreditarse que o mesmo cumpre cos requisitos esixidos na cláusula 3 deste prego.
2. Data prevista para a celebración do concerto.
3. Traballos previos ao concerto.
4. Plan de adecuación do espazo (estadio de Balaídos).
5. Plan de adaptación do espectáculo previsto ao espazo.
6. Plan de montaxe do evento.
7. Plan para o control de accesos, segundo o aforo máximo autorizado.
8. Plan de desmonte.
9. Plan para a recuperación das instalacións municipais no caso de que resulten danadas con ocasión da realización do evento.
10. Aforo previsto para o concerto e distribución do mesmo no recinto.

Co fin de facilitar a elaboración deste Plan achéganse anexos I e II ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) coa Memoria e Planos do “Documento de Seguridad para la elaboración del Plan de Autoprotección” no estadio Municipal de Baláidos.

- UMBRAL MÍNIMO DE Puntuación

As empresas licitadoras que non acaden un **mínimo de 25 puntos** neste criterio (Plan de prestación e organización do servizo) quedarán excluídas da licitación toda vez que se consideran que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.

B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA: valorarase con ata 50 puntos

B.1. - Redución do prezo: valorarase con ata 50 puntos

Para valorar este criterio utilizaranse as seguintes fórmulas:

Con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 7 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Onde:
 Pmx: puntuación máxima do criterio
 Vof: valor ofertado de baixa
 Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:
 Pmx: Puntuación máxima do criterio
 A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb
 B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2.- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 16 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

3.- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

4.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicarase o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

12.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada.

A redución do prezo que se propoña de patrocinio publicitario non ten incidencia no desenvolvemento do evento a patrocinar posto que o licitador promove o evento asumindo os custes do mesmo. Polo que unha oferta económica do patrocinio máis vantaxosa favorece á Administración.

13.- PRAZO DE GARANTÍA

Non se fixa prazo de garantía, por mor da natureza dos servizos a realizar.

14.- SUBCONTRATACIÓN

1.- Admítese a subcontratación. Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas.

2.- A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 8 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevén modificacións.

16.- RESPONSABLE DO CONTRATO

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle ao Servizo de Festas e a persoa responsable do contrato será A Xefa do Servizo, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.

17.- SEGURO

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 3.00.000 de euros de capital mínimo asegurado (aforo 30.000 persoas, conforme ao artigo 8.a) do DECRETO 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

A adxudicataria terá que presentar copia da póliza e do último recibo que xustifique que está ao corrente no seu pagamento ata finalizar o período de contratación.

18.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pago do prezo do contrato dos poderá efectuarse a partir do día seguinte á finalización do contrato e unha vez realizada a actuación, logo de que o contratista presente a documentación que se indica na cláusula 9 do PPTP e a correspondente factura, que será conformada pola responsable do contrato.

Aboarase o prezo das actividades e espectáculos efectivamente realizados consonte aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario, á súa finalización.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctf/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- b) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO
- c) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURA

19.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario as seguintes:

a) De tipo ambiental:

Xestionará os residuos xerados durante a execución do contrato, tales como carteis e outros, e garantirá a súa correcta xestión. Os residuos susceptibles de reciclado depositaranse en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

b) De tipo social:

Toda a documentación, publicidade, imaxe ou materiais deberán empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 9 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

estereotipos sexistas. Utilizarán unha linguaxe inclusiva e fomentarán unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero

20.- LUGAR E DATA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Os medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao evento e as instalacións nas que se desenvolva o espectáculo, neste caso o Estadio Municipal de Balaídos.

21.- PERMISOS

A entidade, como organizadora, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

22.- CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO

Non se prevé a cesión de datos.

23. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non se exige a transferencia dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial, agás mellor criterio técnico especializado na materia.

24.- CONFLITO DE INTERESES

O técnico que subscribe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación

Vigo, data da sinatura dixital,

A Xefa do Servizo de Festas

M^a. Cristina Chao Polo

Conforme,

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas

Pablo L. Estévez Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2023 09:57	Páxina 10 de 10
9713-335	CSV: A8AF2E-3737E4-8C8D41-7TVT36-FF92D7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		